



MEDIDAS PREVENTIVAS EN CENTROS SANITARIOS DE GALICIA TRAS A PUBLICACIÓN DA ORDE SND/726/2023 POLA QUE SE DECLARA A FINALIZACIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

A Dirección Xeral de Saúde Pública, tras a aprobación o pasado 4 de xullo da Orde SND/726/2023 pola que se declara a finalización da situación de crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece as seguintes indicacións con respecto ás medidas de prevención e control:

1. Medidas específicas sobre o uso das máscaras.
2. Reforzo das precaucións estándar e aplicación das precaucións específicas baseadas no mecanismo de transmisión.

1.- MEDIDAS ESPECÍFICAS SOBRE O USO DAS MÁSCARAS

Tras a modificación do uso da máscara, é preciso que os centros sanitarios e a cidadanía teñan en conta a importancia de seguir utilizando a máscara como medida de prevención que permita protexer á poboación máis vulnerable.

Por isto, no que respecta concretamente ao uso da máscara, e **sen prexuízo da aplicación de calquera medida adicional baseada no mecanismo de transmisión**, debe recordarse a importancia de facer un uso adecuado da máscara.

MEDIDAS COMÚNS PARA TODOS OS CENTROS SANITARIOS:

- Uso de máscara cirúrxica por parte de calquera **persoa que presente síntomas** compatibles cunha infección respiratoria (profesionais, pacientes e visitas/acompañantes).
- Uso de máscara, alo menos cirúrxica, en **profesionais que atendan a pacientes con síntomas** compatibles cunha infección respiratoria.
- Uso de máscara con filtro de partículas (FFP2 ou FFP3) cando exista sospeita de infección respiratoria e se realicen procedementos xeradores de aerosois.
- O persoal sanitario instará ás persoas que acudan a un centro sanitario e se atopen **imunodeprimidas ou presenten alto risco de desenvolver unha infección respiratoria aguda grave** (por exemplo: pacientes transplantados, con



fibrose quística, en diálise, oncohematolóxicos...), ao uso da máscara e informará dos beneficios que esta lles pode aportar.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ÁREAS DE MAIOR RISCO:

No que respecta aos lugares concretos de centros sanitarios nos que existe maior risco, o uso da máscara usarase:

- En **unidades ou servizos que atendan a pacientes vulnerables** adultos e pediátricos, para así reforzar a protección dos mesmos.

Lugar concreto	<ul style="list-style-type: none"> • Unidades de coidados intensivos e de pacientes críticos • Unidades de reanimación, incluídas unidades post-cirúrxicas • Unidades de pacientes transplantados • Unidades de pacientes oncolóxicos e hematolóxicos • Unidades de diálise e hospitais de día
Quen a usará?	<ul style="list-style-type: none"> • Profesionais cando atendan a pacientes • Pacientes ingresados cando se atopen fora da habitación ou, no caso de síntomas, en presenza de calquera persoa • Pacientes ambulatorios, en todo momento • Persoas acompañantes/visitas, en todo momento

- Uso da máscara nas **urxencias sanitarias**, posto que existen pacientes pendentes de valoración que poderían presentar infeccións respiratorias transmisibles e outros pacientes en situación aguda que poderían verse afectados en caso de contaxio:

Lugar concreto	<ul style="list-style-type: none"> • Servizos de urxencias hospitalarias, incluídas as salas de espera • Puntos de atención continuada, incluídas as salas de espera
Quen a usará?	<ul style="list-style-type: none"> • Profesionais cando atendan a pacientes • Pacientes, en todo momento • Persoas acompañantes/visitas, en todo momento

A Dirección Xeral de Saúde Pública revisará de xeito continuo estas medidas en base a situación epidemiolóxica e, tendo en conta o especial risco de transmisión de infeccións respiratorias agudas, no momento no que se estableza o inicio da onda epidémica estacional de virus respiratorios.



2.- REFORZO DAS PRECAUCIÓNS ESTÁNDAR E APLICACIÓN DAS PRECAUCIÓNS ESPECÍFICAS BASEADAS NO MECANISMO DE TRANSMISIÓN

REFORZO DAS PRECAUCIÓNS ESTÁNDAR

As medidas de precaución estándar constitúen as medidas básicas para o control da infección que se deben aplicar no ámbito sanitario durante a atención de todos os pacientes. Tras unha fase pandémica na que existiron multitude de medidas específicas, é recomendable que os centros sanitarios promovan a adhesión a estas medidas básicas de xeito que se reduzan os posibles riscos da súa falta de aplicación. Polo tanto, resulta fundamental fomentar a educación do persoal de centros sanitarios, dos pacientes e das visitas neste tipo de medidas. Deste modo fomentase un mellor clima de seguridade nas contornas da atención de saúde.

Entre estas medidas de precaución estándar atópanse: a hixiene de mans, a protección facial e respiratoria, o uso adecuado de guantes, o uso de bata e outros elementos de barreira, as medidas ante obxectos cortantes, a limpeza ambiental, o manexo adecuado da lencería, a eliminación adecuada de residuos ou o uso de equipos de protección individual segundo proceda (EPIs).

PRECAUCIÓNS ESPECÍFICAS BASEADAS NO MECANISMO DE TRANSMISIÓN

Estas son as medidas específicas deseñadas para pacientes nos que se sospeita ou está documentada unha infección/colonización por patóxenos epidemioloxicamente importantes ou altamente transmisibles. Son, polo tanto, precaucións engadidas ás estándar que teñen por obxecto de interromper a transmisión:

- Precaucións de transmisión por contacto
- Precaucións de transmisión por gotas
- Precaucións de transmisión aérea

Dispón de máis información sobre estas medidas no documento específico do [*Plan Nacional de Resistencia Antibióticos - Recomendaciones sobre precauciones estándar y precauciones basadas en la transmisión de microorganismos*](#), nos documentos específicos da súa área sanitaria ou na páxina web da [Dirección Xeral de Saúde Pública](#).